ACORDO DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DE LUGO PARA A UTILIZACIÓN DE RECEITAS OFICIAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, EN FORMATO PAPEL, POLOS/AS PROFESIONAIS MÉDICOS/AS XUBILADOS/AS, QUE TIVERAN PRESTADO SERVIZOS NA SANIDADE PÚBLICA ASISTENCIAL GALEGA

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, don Eduardo Iglesias García, Presidente do Ilustre Colexio Oficial de Médicos de Lugo.

As partes intervenientes recoñécense mutuamente capacidade legal para subscribir o presente acordo, e para iso,

EXPOÑEN

I.- O 16 de setembro de 2022, asinouse o convenios de colaboración entre a Consellería de Sanidade, O Servizo Galego de Saúde e o Colexio Oficial de Médicos de Lugo para a utilización de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde, en forma papel, polos/as profesionais médicos/as xubilados/as, que tiveran prestado servizos na sanidade pública asistencial galega, co fin de facilitar o acceso á prestación farmacéutica, exclusivamente, para uso propio, do seu cónxuxe ou parella de feito e dos

seus beneficiarios legalmente recoñecidos, polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).

II.- Na cláusula décimo cuarta do convenio, relativa á súa vixencia, sinalábase:

«Este convenio terá unha vixencia de catro anos desde o día seguinte a súa sinatura.

De conformidade co artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, os/as asinantes do convenio, antes da finalización do prazo de vixencia, poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período máximo de catro anos ou a súa extinción".»

III.- En base aos criterios que xustificaron a firma do convenio no ano 2022, sendo criterios de eficiencia, efectividade e eficacia na xestión do Sistema Sanitario Público, e que se manteñen despois de transcorridos 4 anos, as partes consideran de interese continuar coa colaboración iniciada con base no convenio de colaboración mencionado e estiman que é necesaria a súa renovación.

Polo anteriormente exposto, as partes

ACORDAN

PRIMEIRO.- Prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Colexio Oficial de Médicos de Lugo para a utilización de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde, en formato papel, polos/as profesionais médicos/as xubilados/as, que tiveran prestado servizos na sanidade pública asistencial galega.

A prórroga terá unha duración de catro (4) anos, comezando a mesma o 17 de setembro de 2026, data na que finalizaría a vixencia do convenio, prorrogándose ata o 16 de setembro de 2030.

SEGUNDO.- Manter o resto das cláusulas do convenio inalteradas.

E en proba de conformidade, asínase o presente acordo de prórroga na data da derradeira sinatura dixital

Pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de Saúde	Polo Colexio Oficial de Médicos de Lugo
Antonio Gómez Caamaño	Eduardo Iglesias García